

## "Recíclate con Sogama"

**Ano:** 2011

"Recíclate con Sogama" é un programa integrado no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Resolución publicada no DOG do 31 de agosto de 2012 <http://www.edu.xunta.es/web/planproxecta> [1]) que se centra no fomento da recollida selectiva de lixo a través de illas de reciclaxe escolares que esta empresa pública facilitará aos centros participantes. O profesorado contará con formación inicial nas dependencias de Sogama en Cerceda (A Coruña), con recursos didácticos en soporte dixital e con material divulgativo de apoio para a creación dun proxecto interdisciplinar e cooperativo centrado na actividade diaria de separación do lixo por parte do alumnado participante. Este proxecto pode incluír a realización de actividades educativas diversas como o xogo dos residuos de Sogama, obradoiros de reutilización e reciclaxe, creación dun blog medioambiental, desenvolvemento dunha campaña publicitaria para fomentar a reciclaxe en calquera soporte multimedia etc., dirixidas sempre a fomentar o traballo en grupo e a colaboración entre o alumnado así como a autonomía, o espírito crítico, a autonomía persoal e a conciencia medioambiental e de desenvolvemento sostible dos recursos. O mellor dos 16 proxectos do curso 2012/2013 será premiado tras comprobar a calidade das actividades realizadas no proxecto e a eficacia na recollida selectiva feita durante o ano.

\* Alumnado ao que vai dirixido: Infantil e primaria

\* Temporización: Anual

\* Número de centros participantes: 16

Os centros teñen de prazo para facer a súa solicitude ata o 1 de outubro de 2012 <http://www.edu.xunta.es/planproxecta> [2] .

Para máis información sobre o plan, [www.edu.xunta.es/web/planproxecta](http://www.edu.xunta.es/web/planproxecta) [1].

[Convocatoria premios Recíclate con Sogama](#) [3]

**Source URL:** <https://www.sogama.gal/gl/campanha/reciclate-con-sogama#comment-0>

### Ligazóns

[1] <http://www.edu.xunta.es/web/planproxecta>

[2] <http://www.edu.xunta.es/planproxecta>

[3] [http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/convocatoria\\_de\\_premios\\_reciclate\\_con\\_sogama\\_def.pdf](http://www.sogama.gal/sites/default/files/users/3/convocatoria_de_premios_reciclate_con_sogama_def.pdf)

## **"Recíclate con Sogama"**

Published on Sogama (<https://www.sogama.gal>)

---